

Sobre a prehistoria de Longa noite de pedra.

Xesús Alonso Montero

*Para Xosé F. Armesto Faginas, a quen
debo parte dos meus "éxitos"
hemerográficos neste e noutros traballos, cunha
aperta luguesa.*

1. Intención.

Eo presente un traballo erudito e documental, nada impropio, creo, da revista que o acolle: unha revista académica de estudos literarios, revistas que, sen rexeitaren os traballos ensaísticos, deben reclamar, decididamente, todo tipo de traballos documentais e eruditos.

Do que se trata, nestas páxinas, é de aportar textos e datos para unha mellor comprensión de *Longa noite de pedra*, volume que, como moitos outros, posúe unha interesante "prehistoria". *Longa noite de pedra* pertence a ese tipo de libros que reclama do erudito e do filólogo calquera aportación, por minúscula que pareza.

PRIMEIRA PARTE

2. Data da primeira edición de *Longa noite de pedra*.

Reza o colofón:

Iste libro (...) séptimo da "Colección Salnés", rematouse de imprimir nos Talleres Gráficos de *Faro de Vigo*, o día 15 do mes de outono de 1962.

A quen saiba que esta colección de poesía, da Editorial Galaxia (Vigo), estaba "ao coidado de Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez (e Salvador Lorenzana (seudónimo de Francisco Fernández del Riego)", pode sorprendelille o feito de que o noso autor tarde tanto en publicar un libro seu nunha colección que codirixe. Recórdese que fora inaugurada, en abril de 1961, co volume *Nenias*, de Aquilino Iglesia Alvariño. Sei por Fernández del Riego que Celso Emilio, moi presente, como poeta galego, en revistas galegas e non

galegas, tiña certos reparos á hora de publicar un volume de versos, afectado como estaba polo nulo éxito comercial de *O sono sulagado* (1955), o seu primeiro libro na nosa lingua.

3. Data(s) de redacción de *Longa noite de pedra*.

Tal como sinaléi no meu *Celso Emilio Ferreiro* (1971), o noso autor pronunciouse sobre esta cuestión en tres ocasións. Deste xeito:

a)
Parte de él lo escribí en plena guerra, siendo soldado. Otra parte, más amplia, en la inmediata postguerra. Lo tuve casi veinte años en una carpeta hasta 1962¹.

b)
Tanto *O sono sulagado* como *Longa noite de pedra* escribinos, na súa meirande parte, ao rematar a guerra civil. Algúns dos seus poemas foron feitos cando aínda era soldado. Como aqueles textos, e por razóns doadas de entender, eran impublicables naquel tempo, mantívenos encarpitados varios anos -sin deixar por elo de pulilos e amplialos...².

c)
Cando se escribiron estes poemas (1945-46)³, o autor xa tiña escrito *O sono sulagado* e parte de *Longa noite de pedra*, cuxos orixinais gardaba coidadosamente (...) agardando tempos mellores para seren publicados⁴.

Así pois, unha boa parte dos poemas foron escritos, segundo o seu autor, arredor de 1939.

4. Data da primeira edición dalgúns poemas.

Un dos obxectivos deste traballo consistirá en sinala-la data e o lugar en que foron publicados por primeira vez un número, elevado, dos poemas de *Longa noite de pedra*: 24 dos 60 de que consta o libro. Publicados antes de outubro de 1962, supoñemos, en non poucos casos, que existe coincidencia, *grosso modo*,

1. *Correo de Galicia*, Buenos Aires, 15-IV-1975.

2. Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*, p. 158.

3. Refírese a *Bailadas, cantigas y donaires*.

4. *NML*, 1979. Trátase de "Notas sobre os meus libros", redactadas pouco antes do seu pasamento. Ían saír no volume 4º da *Obra completa*, que o editor nunca publicou. Continúa este volume: artigos, entrevistas, prólogos, poemas soltos, contos...

entre a data de publicación e a data de redacción. Vexamos en que publicacións apareceron.

4.1. *Papeles de Son Armadáns* (Palma de Mallorca)

A poesía galega tivo unha notable presenza nesta importantísima revista literaria, e nela colaboraron, ademais de Celso Emilio Ferreiro⁵, Aquilino, Díaz Jácome, Novoneyra, M^a do Carme Kruckenberg... De todos, o colaborador máis asiduo foi Celso Emilio, quen, desde esta importante instancia, conseguiu, antes de publicar *Longa noite de pedra*, unha certa audiencia entre os “lletrafe-rits” extragalegos. Tódolos poemas aparecidos en *Papeles* antes de 1963, que son dez, foron acollidos en *Longa noite de pedra*.

4.2. *Vieiros* (México).

Nesta revista⁶ publicou Celso Emilio seis poemas, todos, agás “Carta a Fuco Buxán”, acollidos en *Longa noite de pedra*.

4.3. *Voz y voto* (1955).

Catro dos poemas de *Longa noite de pedra* foron publicados antes, en castelán, neste libro. Aínda que o autor en *NML* (1979) aclara que os poemas de *Voz y voto* foron redactados, orixinariamente, en galego, creo conveniente ofrece-la versión castelá das catro composicións, na garantía de que o cotexo pode suscitar consideracións interesantes, corroboren ou non a declaración do autor. De tódolos xeitos, reproducámo-lo que di en *NML* sobre *Voz y voto*:

Os poemas que o compoñen foran orixinaria-mente escritos en galego e traducidos para aquela ocasión ó castelán, co propósito de que a distribución de exemplares cubrira todo o territorio español. Máis tarde, sete dos doce poemas que contiña *Voz y voto* foron incluídos (na súa lingua orixinaria) noutros libros. Así, “Nunca poderei esquecerlo”, “Bautismo de sangue”, “Os asoballados” e “Os honorábeles” figuran en *Longa noite de pedra*. E os que en *Viaxe ao país dos ananos* levan os números 4 e 9 (...). Reproducimos, pois, aquí, samente cinco poemas que non figuran noutro libro, tal e como saíron en *Voz y voto*, é decir, en castelán, xa que os orixinais en galego trasapelounos o autor hai moitos anos.

5. Amigo de Camilo José Cela, director da revista.

6. Publicáronse catro números entre 1959 e 1968, debidos, en boa parte, ó entusiasmo de Luis Soto e a facilidade con que conectaba cos escritores, novos e vellos, da Galicia interior e exterior.

4.4. Poesía navideña: os “nadales”.

Nos anos inmediatamente posteriores á Guerra Civil, cando a penas se publicaban, en Galicia, libros en galego, unha parte non desdeñable da nosa poesía é poesía de destino privado: poemas manuscritos de noraboa, epístolas (tamén manuscritas) e, sobre todo, versos impresos nas tarxetas de felicitación navideña⁷. Non sempre o nadal se atén á temática tradicional (cantar ó Neno Xesús), e, no caso de Celso Emilio, esta temática contén rasgos notorios de “aggiornamento” propios dunha musa xa comprometida cos grandes problemas do seu tempo. Repárese en “Noiteboa dos negros” (1956), que se converte, en *Longa noite de pedra*, en “Noiteboa en Harlem”.

4.5. Outras procedencias.

Poemas de Celso Emilio anteriores a 1963 apareceron en: *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos* (Galaxia, 1955), *Casa Galicia - Unidad Gallega* (1958), *Eufonía* (1958), *Vida Gallega* (1961, 1962) e *Faro de Vigo* (1961).

5. Catro edicións de *Longa noite de pedra* que cómpre ter en conta (1962, 1967, 1975, 1985).

5.1. Primeira edición, 1962

Foi Francisco F. del Riego quen axudou, “durante tres mañás”, a escolle-los poemas de entre unha morea. A escolla feita polo autor e polo seu amigo⁸ non sempre operou con criterios estéticos, pois en ocasións o criterio determinante era o da prudencia política, o que levou a Del Riego a aconsella-la non inclusión de “Carta a Fuco Buxán”, que xa aparecera no nº 1 de *Vieiros* (1959). Por certo, este poema foi (astutamente) incorporado por Basilio Losada á 2ª edición do libro (1967) nun lugar máis ou menos axeitado do prólogo⁹.

En canto ó título, comunícame Fernández del Riego que foi el quen, á vista do primeiro poema, suxeriu para o libro o mesmo título: *Longa noite de pedra*.

7. Desde aquí insto a quen for a que recolla en arquivos públicos (Biblioteca Penzol, por exemplo) e en arquivos privados os poemas que se imprimiron, neste medio non público, de 1939 a 1962, na garantía de que a colleita non será cativa e de que, a partir dela, se podería arranxar unha escolleita estimable. Adianto nomes fundamentais: Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel María, Sebastián Martínez Risco, Xosé M^a Díaz Jácome, Fermín Bouza-Brey, irmáns Álvarez Blázquez, Manuel Fabeiro Gómez, Ben-Cho-Shey, Faustino Rey Romero... Na Exposición *Cen Anos de literatura galega* (1963), que Epifanio Ramos e mais eu montamos en Lugo para celebra-lo centenario de *Cantares Gallegos* de Rosalía, un capítulo, nese tempo moi apreciable, estaba constituído por mostras deste “xénero”.

8. Amistade que se rompeu, para sempre, en 1968.

9. Hai dous días oínlle a Del Riego: “Sorprendeunos, en Galaxia, que a Censura (*) non castigara ningún poema de *Longa noite de pedra*”.

(*) En realidade, chamábase, eufemisticamente, no Ministerio de Información e Turismo, “Departamento de Consulta Voluntaria Previa”.

Se é así (eu creo que foi así), este título, aceptado polo autor, constitúe xa unha interpretación do poemario. En efecto, o libro chegou a nós, meses despois, xa interpretado, interpretación que nós, lectores e críticos do libro naqueles anos de pedra e de noite, nos limitamos a non cuestionar.

5.2 ‘El Bardo’, Barcelona, 1962.

Trátase da 2ª edición, 1ª bilingüe. Nela non figura o poema ‘‘O edificio’’ (‘‘non me lembro por que razóns’’, observa o autor, quen decidiu ocupa-la páxina en branco, nesa edición de 1967, coa composición ‘‘Spiritual’’ ‘‘como unha mostra das miñas recién estrenadas vivencias de alénmar...’’). Sinalemos, pola nosa parte, que o criterio é discutible, xa que un libro de poemas debe concebirse como unha figura unitaria e como expresión dun determinado tempo psíquico e social.

Prologou a edición e traduciu os poemas o profesor Basilio Losada. En poucos anos saíron varias reimpresións desta edición, responsables, en boa parte, da presenza da musa civil de Celso Emilio na España extragalega.

5.3. Castrelos, colección ‘‘Pombal’’, Vigo, 1975.

É a que os editores consideran ‘‘edición definitiva’’. Contén os dous poemas que vimos de mencionar: ‘‘O edificio’’ (acertadamente) e ‘‘Spiritual’’ (discutiblemente). En canto a outras novidades, escribe o autor:

Estamos diante a 6ª edición e antoxóuseme que era un bon momento pra voltar a ollada atrás, reler paseniñamente o libro e considerar a comenencia de depuralo de erros de imprenta -algunhos deles arras-trados teimosamente dende a 1ª edición- e, ó mesmo tempo, unificar certas diverxencias da lingoaxe. Foi o que fixen, coa colaboración, que moito agradezo, do editor, Xosé Mª Álvarez Blázquez. Supoño que a poucos interesará facer agora un cotexo entre as edicións denanteriores e ista definitiva. En resumidas contas, as modificacións son máis ben cousa miúda, anque a min paracéronme aconsellables e nalgún caso necesarias.

As modificacións, fundamentalmente lingüísticas, revelan un Celso Emilio moi preocupado pola fisonomía unitaria do galego literario e interesado en romper con certos rasgos idiomáticos denunciados, había tempo, por outras voces (*hourizonte, soma, fuxidivo, teitónico...*). Creo que nesta tarefa non é pequeno o labor da man experta de Xosé Mª Álvarez Blázquez. Aínda así, persiste algún erro notorio (por exemplo, ‘‘Xa *tódolo* teño visto’’, p. 66).

5.4. Edición do Castro, colección “Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 1985.

Prologada e anotada (“con notas e suxerencias para o comentario”) por Xosé M^a Álvarez Cáccamo, quero resaltar que o “editor” consigna en que números de *Papeles de Son Armadáns* apareceron oito dos dez poemas que publicou nesta revista. Non examina, en ningún caso, as variantes lingüísticas e estilísticas, por non trazarse este obxectivo, o que é lástima. De tódolos xeitos, estamos ante un tipo de edición desexable para outros poemarios contemporáneos.

SEGUNDA PARTE.

24 poemas de *Longa noite de pedra*
publicados antes de outubro de 1962.

1. Relación (con anotacións).

- I. “Nunca poderei esquecelo”
Traducción (?) do poema nº 2 de *VV* (1955).
- II. “Bautismo de sangre”.
Traducción (?) do poema nº 3 de *VV*.
- III. “Os asoballados”
Traducción (?) do poema nº 4 de *VV*.
- IV. “Os honorábeles”
Traducción (?) do poema nº 9 de *VV*.
- V. “María solaña”
En *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*, Galaxia, Vigo, 1955.

Nesta versión, despois do derradeiro estribillo, este verso:
¡Todo pasou tan axiña...!

- VI. “O tempo solprendido”
En *PSA*, outubro, 1956.
- VII. “Noiteboa dos negros” ----> “Noiteboa en Harlem”
(Ó pé dunha fotografía de *Life*)
No nadal de decembro de 1956.
- VIII. “Cantiga de amigo para Xoán Miró”
En *PSA*, diciembre, 1957 (número de homenaxe ó pintor Joan Miró).
- IX. “Romance pesimista de cabo de ano” ----> “Romance pesimista de fin de ano”
En *Casa de Galicia. Unidad Gallega*, Nueva York, 1958.

- X. “Namentras imos andando” ----> “Mentras imos andando” ----->
 “Mentras imos andando”.
 En *Eufonía*, Buenos Aires, nº 1, setembro, 1958, publicouse a 1ª edición;
 a 2ª, en *PSA*, nov.-diciembre, 1958, con esta adicatoria, omitida¹⁰ en *LNP*:
 “A Dámase Alonso e Vicente Aleixandre, no cumio da súa maturidade
 creadora; a Federico, leve sombra que me asombra”. En efecto, o número
 da revista estaba adicado ós tres poetas, que cumprían, ou cumprirían, 60
 anos¹¹.
- XI. “Ti eres pedra” ----> “A pedra”
 En *V*, 1, vran, 1959.
- XII. “Eiquí será”
 En *V*, ib. Na edición de *LNP*, esta adicatoria: “Á memoria de Aquilino
 Iglesia Alvaríño”.
- Así pois, o poema de 1959, retocado, converteuno en elexía para Aquilino,
 bo amigo seu, que morrera en Santiago o 29 de xullo de 1961.
- XIII. “Soldado”
 En *PSA*, abril, 1960, con esta adicatoria, omitida en *LNP*: “A Picasso, con
 profunda admiración”. Publicouse, en efecto, nun número de homenaxe
 ó gran pintor¹².
- XIV. “Credo”
 En *PSA*, diciembre, 1960, publicou, co título “Tapies, pintor de hoxe”
 (nun número de homenaxe a este artista) dous poemas (I. “Credo” / II.
 “Non me mires”), que o poeta, en *LNP*, publica, en efecto, como tales e
 non como dúas partes dun mesmo poema. De “Credo” existe versión,
 moi distinta, en *V*, 2, outono, 1962 (de feito, contemporánea de *LNP*).
- XV. “Non me mires”¹³.
- XVI. “Formentor”
 En *PSA*, diciembre, 1960 (número de homenaxe a esta localidade
 mallorquina).

10. Práctica non insólita en Celso Emilio. En casos, omite adicatorias que facilitan a comprensión do poema. Penso, por exemplo, no poema “A herdanza (In memoriam de Vicente Risco)” publicado nunhas páxinas de homenaxe a este escritor (*Destino*, Barcelona, 11-V-1963). Recolleito, logo, en *Viaxe ao país dos ananos* (1969), non contén a adicatoria.

11. No número, poemas galegos de Novoneyra, Díaz Jácome, Mª do Carne Kruckenberg e Manuel María.

En 1975 (*Obra Completa*, II) publicouse o seu “Romance de cego in memoriam de Federico García Lorca”, do que existe unha versión, en castelán, anterior: “Romancillo de la noche interminable” (*Correo de Galicia*, Buenos Aires, 15-I-1969).

12. Sobre este poema, v. o importante comentario de Xosé Mª Álvarez Cáccamo na súa edición de *LNP* (1985).

13. *V*. o dito para XIV.

- XVII. “O corazón do vento”
 En *PSA*, febrero, 1961 (número de homenaxe ó escultor Ángel Ferrant).
- XVIII. “Eu quero ir a Lugo” ----> “Quero ir a Lugo”
 En *Vida Gallega*, Lugo, junio, 1961. Nesta páxina (60) figuran poemas lidos na homenaxe a Cunqueiro na cidade luguesa poucos días antes: Novoneyra, Díaz Jácome, Manuel María, M. González Garcés e Celso Emilio .
- XIX. “O hórreo”
 En *Faro de Vigo*, 17-VII-1961. Nunha páxina sobre o hórreo na que se publica tamén un poema de Cunqueiro titulado “O cabozo”
- XX. “Pranto por Carles Riba”
 En *PSA*, novembro, 1961 (número de homenaxe ó poeta catalán, falecido en 1959).
- XXI. “Gabanza dos canteiros” ----> “Gabanzas dos canteiros”
 En *PSA*, decembro, 1961, nun número monográfico titulado *Antología de los oficios de la construcción*, no cal Aquilino Iglesia Alvariño escribe sobre “O cerralleiro”.
- XXII. “Inverno”
 Nun nadal de 1961¹⁴.
- XXIII. “Unha vez”
 En *Vida gallega*, mayo, 1962.
- XXIV. “Testimuña”
 En *V*, 2, outono, 1962.

14. Na felicitación navideña de Roberto González Pastoriza, que tiña o costume, a fin de ano, de solicitar dos poetas vigueses (Celso Emilio, Ramón González Alegre, a súa sobriña M^a do Carne Kruckenberg...) versos para o seu nadal.

2. Versi3n diferentes de doce poemas (con anotaci3n).

Poema I

Por el aire lleg3 la mala nueva
y esto ocurri3: Yo era un puro sue1o
y vino un alba rota a despertarme
reduci3ndome a n1mero sumando
con dos tacones recios como rocas
que aplastaban el llanto de los pueblos.
Entonces supe yo lo que era sangre,
lo que era crueldad y zoolog1a.
Aprend1 metaf1sica en los montes
y f1sica del miedo en las llanuras.
Llevaba aceros tristes en los ojos
bajo una torva lluvia de gusanos.
Esto ocurri3 y casi no me acuerdo.
S3lo s3, eso s3, que los tambores
un1nimes sonaron sus llamadas
y ya nunca jams volvi a ser sue1o
(1955)

*Polo aire chegou a triste nova
e isto pasou: Eu era un puro sono
pero veu un abrete a despertarme
reduci3ndome a n1mero sumando
con dous tac3s de aceiro nos zapatos
que tripaban o pranto dos humildes.
Ent3n aprend1n o que era sangue,
o que era crueld1 e zoolox1a.
Adeprend1n metaf1sica nos montes
e f1sica do medo polas chairas.
Levaba ferros fr1os diante os olloa
baixo unha torva br3tema de vermes.
Isto pasou e casi non me lembro,
-mais nunca poderei esquecerlo-.
Soio sei, iso s3, que os tamboriles
chamaron, plan, plan, ratapl1n,
e xa nunca voltei a sere sono.
(1962)*

Nos hicieron autómatas. Teníamos
eléctricos los pies y los saludos.
El paisaje lloraba carreteras
con racimos de muertos insepultos.
(Un, dos, vista a la izquierda).
El aire se envolvió con un oscuro
recuerdo de niño bajo los robles.
Caminar, caminar, ceñidos de humo,
con bosques de alaridos a los lados.
Debajo de la noche un miedo oculto,
un miedo adolescente, lastimando,
taladrando las ingles, hosco y mudo,
lagartija reptando por la sangre.
El jefe cabalgaba. Había muros
larguísimos de sombras y de lluvia.
Todo estaba muy lejos, hasta el mundo
y nuestro corazón, estaban lejos.
Cuerpo a tierra. Semilla que dió fruto
de soledad al fondo de un camino.
El niño abandonado se hizo adulto,
(rompan filas, un, dos)
se hizo carne de piedra por los surcos.
(1955)

Bautismo de sangue

*Cando eu era un autómata -fai anos-
tiña eléctricos os pés i os saúdos.
A paisaxe choraba en longas chairas
con acios de homes mortos, insepultos.
(Un, dous, vista á esquerda).
A patria latexaba nos meus pulsos.
(Un, dous, marchen de fronte).
O aire estaba envolto nun escuro
suceso da nenez nas carballeiras.
Camiñar sin parar por entre o fumo
con bosques de fusiles sobre os ollos.
Por debaixo da noite un medo oculto,
un medo adolescente que mancaba,
que furaba as virillas, fosco, mudo,
coma unha cobra arrastra polo sangue.
O xefe cabalgaba. Había muros
mestos de sombras.
Todo estaba moi lonxe. O mesmo mundo
estaba alá moi lonxe. (Corpo a terra).
Semente que deu fruto
de soedá ao fondo dun camiño.
O neno abandonado era xa adulto.
(Rompan filas, un dous)
era carne de amor entre dous sulcos.
(1962)*

Ya la noche peinaba
nuestra larga cabellera de lágrimas.
Nuestro sudor de sangre, como un río
gorgotando en las venas.
Si alguien escuchaba en nuestro pecho
adivinaba un rumor de mar,
oía el llanto de las madres,
el clamor de los niños,
multitudes de voces resumidas
en un negro horizonte sin fronteras.
Goteaba la noche en las pupilas
de los muertos de frío.
Las manos, hechas para acariciar palomas,
para pulsar fusiles,
para tañer arpas y vientos,
madrugadas de sombras,
rebaños de nubes,
estaban rotas.
Las injurias vinieron como buitres
y pasaron de largo,
saturados ya nuestros corazones.
(1955)

Os asoballados

*A noite penteaba
a nosa longa cabeleira de bágoas.
Nosos suor de sangue coma un río
a cachón sobre as veas.
Si calqueira escoitase o noso peito
ouviría un balbordo de mar,
ouviría o cramor dos meniños,
o pranto das nais,
moitedumes de voces resumidas
nun soturno confín sin fronteiras.
Pingaba a noite nas pupilas
dos que estaban mortos de frío.
As maus, feitas para acarñar pombas,
para empuñar eixadas e martelos,
para tanxer arpas e ventos,
estaban rotas.
Os aldraxes viñeron coma corvos
e pasaron de longo,
pois os nosos corazóns estaban cheos.
(1962)*

Vosotros sois muy honrados,
porque nunca tuvisteis hambre.
¡Ay, el honor conjugado
con verbos satisfactorios,
bien nutridos y bien hartos!
¡Ay, la horonda dignidad,
la nobleza del caballo
la labor de las hormigas
con los probos funcionarios
y los hijos de papá
nietos de nobles criados!
Pero cuando soporto la injusticia
como una daga clavada en mis pasos.
Cuando bajo la lluvia de la noche
mis ojos desentrañan los tejados.
Cuando llega la música distante
al sueño solitario.
Cuando el pan es estrella
y el miedo clava clavos
en cada pulsación de mi latido.
Entonces ya no sois tan honrados.
Cuando el tiempo se llama economía
y el dinero se compra con trabajo.
Cuando en cada letrina una sirena
os ofrece sus huesos y su barro
y las potentes máquinas trituran
las piernas y los brazos.
Cuando el alba dudosa resucita
de flor en flor y se convierte en llanto
o se transforma en fuego sin ceniza,
entonces ya no sois tan honrados.
(1955)

Os honoráveis

*Eu son honrado.
(Nunca pasei fame).
Ti eres honrado.
(Nuca pasache fame).
Ai, a honradez conxugada
en verbos satisfactorios,
nutridos, lustrosos, fartos.
Ai, a tripuda honradez,
a lealtá do cabalo,
o labourar das formigas,
a virtú dos funcionarios,
a estirpe dos ben nascidos
netos de nobres criados.
.....
Pero cando soporto as inxusticias
coma coitelos hirtos ao meu paso.
Cando de noite
os meus ollos perfuran os tellados.
Cando o vento me trai unha cantiga
até o sono isolado.
Cando o pan faise estrela
e o medo crava cravos
no latexo sin fin de cada día.
Entón eu xa non son tan honrado.
Cando o tempo se chama economía
e trócase o diñeiro por traballo.
Cando en cada letrina unha sereia
vende ilusiós por cartos
i as máquinas potentes esmigallan
pernas e brazos.
Cando a ialba indecisa chega ao mundo
e vai de frol en frol, e faise pranto,
ou convírtese en lume sin borralla.
Entón ti xa non eres tan honrado.
(1962)*

A historia ecdótica destes catro poemas, segundo *NML* (1979), resúmese nestes tres puntos:

- a) Redactados en galego con anterioridade a 1955.
- b) Traducidos ó castelán para compoñer *Voz y voto* (1955).
- c) As versións de *Longa noite de pedra* (1962) son tradución da tradución castelá, xa que os primitivos textos galegos “trasapelounos o autor”.

Un filólogo moi positivista só con reservas aceptaría o afirmado en a) e, en canto a c) debo aclarar, pola miña conta, que os poemas, en non poucas pasaxes, son unha reescritura das versións de 1955. Van máis alá, pois, da tradución.

Poema V

Noiteboa dos negros

Á porta dos camiños infinitos
están izando grímpolas de sonos.
Á porta dos camiños
cunha pedra de neve diante os ollos.

No arrabalde do mundo -Harlem vivo-
pasan ríos con albas e bandeiras.
No arrabalde dos sonos,
ríos de moitedumes e de estrelas.

Agardan un mencer que esperte á noite
dos remotos abós feitos de tebras.
Un mencer de anduriñas
prá liberdá dos sonos que non chegan.

O tamboril dos boscos repenica
no sangue en contrapunto de latexos.
O tamboril das chairas
treme agora nas selvas de cemento.

Todos xuntos na terra. Baixo o ceo
brota a doce mañán ia noite morna.
Todos xuntos no mundo,
pero as noites dos negros son moi longas.

A liberdá de Deus creba cadeas
i-acala o canto escuro dos escravos.
A Liberdá da Estatua
pon aramios de espiño ao mundo branco.
(1956)

Noiteboa en Harlem

*Ó pé de unha fotografía de Life
Á porta dos camiños
están izando grímpolas de sonos.
Á porta do amencer están os homes
cunha pedra de neve diante os ollos.
No arrabaldo do mundo, alá en Harlem,
pasan ríos con albas e bandeiras.
Nos arrabaldos dos sonos,
ríos de moitedumes e de estrelas.
Agardan un albor que esperte á noite
dos lonxanos abós feitos de tebras.
Un albor de anduriñas
prá liberdá dos homes que non chega.
O tamboril dos bosques repenica
no sangue en contrapunto de latexos.
O tamboril das chairas
treme agora nas selvas de cemento.
Todos xuntos na terra. Baixo o ceo
xurde a dulce mañá i a noite morna.
Todos xuntos no mundo,
todos xuntos na mesma Noiteboa.*

*A liberdá de Dios creba cadeas
e acala o fosco canto dos escravos.
A liberdá de todos,
pra todos, homes negros e brancos.
(1962)*

Son claras as diferencias estilísticas en moitos versos e, respecto dos dous derradeiros, sospeito que foi a prudencia política (fálase da Estatua da Liberdade) a que suscitou o novo planteamento.

Poema VI

Romance pesimista de cabo de ano

A Francisco Fernández del Riego

Pasa o tempo sin deterse,
río longo de silencio.
Río longo, noite e día,
río longo, branco e negro.
Río longo estrelecido,
que non ten fin nin comenzo.
Nos seus muíños de noite
meu corazón vai moendo.
Un muíño pra saudade,
outro pra dor e pra o medo,
outro pras tristes lembranzas
das horas que xa morreron,
horas que foron deixando
ronseles de luz no peito.

Os días tiñan un nome
i-os nomes tiñan un senso.
Tempo de falar da neve,
tempo de decir os rezos,
tempo de pechal-os ollos,
tempo de regar os eidos.
O pai falaba da guerra,
a nai poñía o comento,
o rapaz fitaba o mundo,
ollos ao prodixio abertos.
¿Qué foi das neves aquelas,
tépeda voz dos meus vellos?
¿Que foi das froles de antano,
ollos azules do neno?

Pasache ti, río longo,
canle moura de silencio.
Pasache ti, auga escura,
¡Tódolo levache a cito!
Agora tanto me importa
estar lonxe ou estar perto,
pois anque vivo en Galicia
teño a ialma no desterro.

Romance pesimista de fin de ano

*Pasa o tempo sin deterse,
río infindo de silencio,
río infindo, noite e día,
río infindo, branco e negro.
Nos seus muíños de día
moe a frol do meu contento.
Nos seus muíños de noite,
meu corazón vai moendo.
Río longo estrelecido
que non ten fin nin comenzo.
Un muíño prá saudade,
outro prá dor e pra o medo,
outro prá tristes lembranzas
das horas que xa morreron.
Horas que foron deixando
ronseles de amor no peito.
Os días tiñan un nome,
os nomes tiñan un senso.
Tempo de falar da neve,
tempo de decir os rezos,
tempo de pechalos ollos,
tempo de regalos eidos.
O pai falaba da guerra,
a nai poñía o comento,
o rapaz fitaba o mundo
cos ollos de asombro abertos.
¿Qué foi das neves aquelas,
tépeda voz dos meus vellos?
¿Que foi das froles dantano,
ollos azules do neno?
Pasache ti, río infindo,
canle moura de silencio.
Pasache ti, auga escura,
¡Tódolo levache a eito!
Agora tanto me importa
estar lonxe ou estar perto,
pois anque vivo no mundo
teño a ialma no desterro.*

Arriadal-as bandeiras,
pra min xa nada ten xeito.
Vencido, vou camiñando
sin saber que rumbo levo.
Tódolos días igoales,
nada agardo, en pouco creo,
ningunha cousa me apura,
non estou triste nin ledo
e si teño que cantar
ei de cantar como quero,
río longo, noite e día,
río longo, branco e negro.

“Estreliña da fortuna
que das tanta craridade
vaise o día vaise a noite,
vaise a nosa mocidade”
(1958)

*Arriadalas bandeiras,
pra min xa nada ten xeito.
Vencido, vou camiñando
sin saber qué rumbo levo.
Tódolos días igoales,
nada agardo, en pouco creio,
ningunha cousa me apura,
non estou triste nin ledo,
e si me poño a cantar
hei de cantar como quero,
río infindo, noite e día,
río infindo, branco e negro:*

*“Estreliña da fartura
que das tanta craridade:
foise o día, foise a noite,
foise a miña mocidade”
(1962)*

Hai, ás veces, máis que diferencias estilísticas entre as dúas versións. Unha vez máis omite, na edición de 1962, a adicatoria. Nesta ocasión non debe interpretarse como un xesto inamistoso, pois ata anos despois, xa en Caracas, non rompe a relación con Fernández del Riego.

Poema VII

Ti eres pedra

Pídeme fillos
loba
para atalos
ao longo atardecer
da tua morte interminabel.
Pídeme fillos
loba
para o crimen
da tua espada sempre victoriosa.
Dame en troques
silenzo,
dame cárcel
e medo.
Escuréceme a vida
amargúrame
o tempo
impúdica candonga
que te deches
a lúbrica paixón
dos poderosos.
Pídeme fillos,
brazos,
pernas,
ollos.
Amoléceme,
esmágame,
trípame.
Fai de min
un escravo,
unha cousa
que chora
cinza.

Mais o meu corazón
non será nunca teu,
Mesalina sanguenta.
(1959)

A pedra

*Pídeme fillos, loba,
para atalos,
ao longo atardecer da túa morte
interminavel.
Pídeme fillos
pra o crime
da tua espada sempre victoriosa.
Dame en troques silencio,
dame cárcel
e medo.
Escuréceme a vida,
amarguéxame o tempo,
impúdica candonga que te deches
á lúbrica paixón dos poderosos.
Pídeme fillos,
brazos,
pernas,
ollos.
Amoléceme,
esmágame,
trípame.
Fai de min un escravo,
unha cousa que chore cinza.*

*Mais o meu corazón
nunca será teu,
rameira sanguinenta
vendida ao ouro
dos que mandan.
(1962)*

Son notorias as diferencias métricas. Fóra disto, reelaborou, a fondo, o final.

Poema VIII

Eiquí Será

Quixera eiquí morrer, niste silencio
de pombas arroladas;
niste vento que dorme nos piñeiros
un sono de lembranzas.
Quixera eiquí morrer, cos ollos postos
no fumegar das horas, na borralla
do tempo, frente a frente
de min, aberta a i-alma
aos latexos da vida, nunha tarde
ateigada de arpas.

Van e veñen as nubes ventureiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia na fenestra
repenica unha maina
melodia de outono
que no roncón do río se acompasa.
Quixera eiquí morrer. Ser sementado
nista doce bisbarra.
Chantar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.
(1959)

Eiquí será

Á memoria de Aquilino Iglesia Alvariño

*Quero morrer eiquí (cando me chegue
a hora da viaxe que me agarda).
Eiquí niste silencio
de pompas arroladas,
niste vento que dorme nos piñeiros
un profundo sono de arelanzas.
Quero morrer eiquí cos ollos postos
no fumegar das tellas, na borralla
do tempo, frente a frente
de min, aberta a ialma
aos latexos das horas, nunha tarde
ateigada de arpas.
Van e veñen as nubes viaxeiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia
repenica unha maina
melodía de outono,
que no roncón do río se acompasa.
Quero morrer eiquí. Ser sementado
desta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.
(1962)*

Foi reelaborada, para a ocasión (v. supra), a primeira parte do poema. Na edición de 1962 hai erros de imprenta de certa gravidade, subsanados na de 1975: pompas --> pombas, quero --> quero, desta --> nesta.

Poema XIV

Credo

Eu creo que iste mundo é moi fecundo
e que hai algunhos ríos hidroeléctricos,
pero que o ventre das doridas nais
sexan montós de trigo,
nunca podrei creelo.

Creo que a lúa é aquela cousa
que está no teito da noite,
pero que o avión que pasa rum, rum,
fungando por enriba, sexa insecto,
nunca podrei creelo.

Creo que os homes pecan sete veces,
por sete veces sete cada día,
creo na xeometría,
creo no átomo tan pequeniño,
pero que haxa unhos seres
capaces de leer tranquilamente os xornales
sin sentir tremer de noxo as vísceras,
nunca podrei creelo.

Cambio de teima e por exemplo digo:
Elisabet un ciclón made in USA,
sementou o Caribe de cadáveres.
Bombas en seta, pun e tiranias,
negro linchado en Little Rock, Arcansas,
os dereitos do home en guerra fría.

Cambio de teima e verbigracia digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sin cobrar nada,
oficio de cuspir na mar inmensa
e de chantar pancartas no deserto.
(Poetas conformistas desta terra,
-testicular emporio de esqueletes-
mentras o home loita, chora e sofre,
cantai a violeada, a margarida,
e desfollai a rosa reticente
dos vosos mínimos problemas...
decide si a todo e medraredes).

Cambio de teima para decir ecétera,

ecétera, xa sabes, en voz baixa,
con puntos suspensivos
que mostran as palabras prohibidas
que loitan por sairme,
que xa me están saíndo
con forceps de xenreira e mala uva:
hai algo que está podre en Dinamarca
e fede que alcatrea dende sempre.
Depois entonarei un gran Tedeum
laudamus optimista pra dar gracias
ao ceo poderoso
que me labrou esi como me vedes,
pedra deixada, cousa estremecida,
canle de tempo e sono. Digo, un home.

(1960)

Credo

Eu creo que iste mundo é moi fecundo
e que hai algunhos ríos hidroeléctricos.
Pero que os ventres das doridas nais
sexan montós de trigo,
nunca podrei creelo.

Creo que a lua é aquela cousa
que está no teito da noite.

Pero que os aviós que pasan run-run,
fungando por enriba sexan páxaros,
nunca podrei creelo.

Creo que os homes pecan sete veces
por sete veces sete cada día.
Creo na xeometría.
Creo no átomo tan pequeniño.
Pero que haxa algús homes
capaces de leer tranquilamente nos xorna-
les
a morte de outros homes
por conta de Henry Ford ou de Franz
Krupp,
nunca podrei creelo.

Cambio de teima. Por exemplo digo:
"Berta", un ciclón de forza nunca vista
sementou de esqueletes o Caribe.
Bombas, pum, incendios, atropellos.
Negro linchado a xeito en Baltimore.
Conferencia de paz, a bomba hache.

Cambio de teima. Verbigracia digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sin beneficio,
de maldecir ao tempo i-a probeza,
o retraso dos trens ios autobuses,
as cantigas flamencas,
as corridas de touros,
os partidos de futbol,
a Pero Abat, notario en ripio triste
do Cid desenterrado para atarnos...

Cambio de teima. Direivos de remate
un ecétera longo ien voz baixa
que leve nos seus puntos suspensivos
as palabras que loitan por sairme,
que xa me están saíndo, dolorosas,
con fórceps de cabreo e de cansancio:
esterco, todo esterco, soio esterco.

I-entonarei dempois un gran Tedeum
dando graceas ao ceo poderoso
por fabricarme esí como me vedes:
pedra deixada, cousa estremecida,
canle de tempo, é decir, un home.

(Vieiros, outono, 1962)

Credo

Eu creo que iste mundo é moi fecundo
e que hai algunhos ríos hidroeléctricos,
pero que o ventre das doridas nais
sexan montós de trigo,
nunca podrei creelo.
Creo que a lúa é aquela cousa
que está no teito da noite,
pero que o avión que pasa rum, rum,
fungando por enriba, sexa insecto,
nunca podrei creelo.
Creo que os homes pecan sete veces,
por sete veces sete cada día,
creo na xeometría,
creo no átomo tan pequeniño,
pero que haxa unhos seres
capaces de leer tranquilamente os xor-

nales
sin sentir tremer de noxo as vísceras,
nunca podrei creclo.

Cambio de tema e por exemplo digo:
Elisabeth un ciclón made in U.S.A.
sementou o Caribe de cadáveres.
Bombas en seta, pun e tiranías,
negro linchado en Little Rock, Arcansas,
os dereitos do home en guerra fría.

Cambio de tema e verbigratia digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta
oficio de chorar sin cobrar nada,
oficio de cuspir na mar inmensa
e de chantar pancartas no deserto.
(Poetas conformistas desta terra
-testicular emporio de esqueletes-
mentras o home loita, chora e sofre,
cantade a violeta, a margarida,
e desfollade a rosa reticente
dos vosos mínimos problemas...
(decide si a todo e medraredes).

Cambio de tema para decir etcétera
etcétera, xa sabes, en voz baixa,
con puntos suspensivos
que ocultan as palabras prohibidas
que loitan por sairme,
que xa me están saíndo
con forceps de xenreira e de cabreo:
hai algo que está podre en Dinamarca
e fede que alcatrea dende sempre.
Dempóis entonarei un gran Tedeum
laudamus optimista pra dar gracias
ao ceo poderoso
que me labróu esí como me vedes,
pedra deixada, cousa estremecida,
canle de tempo e sono. Digo, un home.

Poucas, moi poucas, as diferencias entre a versión 1 e 3 (teima -----> tema, mala uva -----> cabreo...), pero moitas, e notorias, as existentes entre calquera destas versións e a nº 2. Contemporánea, na publicación, de *LNP*, cabe sospeitar que se trata dunha redacción anterior a 1960. Contén referencias españolas (touros, Cid...), pero, literalmente, é inferior. As outras dúas versións ofrecen eses sete versos (“Poetas conformistas desta terra...”) que constitúen o primeiro manifesto en verso do noso autor en favor da poesía que él, anos despois, chamaría “poesía belixerante”.

Poema XV

Eu quero ir a Lugo

Dixo Xosé Terra, meu irmá na saudade,
poeta e timoneiro de névoas:

“Depois de depois de amanhã
irei con Álvaro de Campos a Glasgow”.

En Glasgow. digo eu, o vento seica]
[é verde
e dorme pousado nun berce de gueivotas.

En Glasgow, digo eu, os homes son]
[estranos,

e seica viven fora da lei da gravidade.

Pero eu non quero ir a Glasgow,
amigo Xosé Terra, após nin nunca;
pois teño moita terra por ver na miña]

[terra.

Agora, que mañá será xa tarde,
eu quero ir a Lugo
con Álvaro Cunqueiro
a perderme nas rúas das fontes,
nas canellas misteriosas do solpor,
nas prazas dos meniños loiros
cantando coas campanas
e coas postreiras luces das fenestras.

Percorrer con Cunqueiro a coutada
de outos muros de sonos
que cingue o van antigo da cidade.

Ceo do doce lume de apóutega
sobre os tellados grises
frolecidos de fentos no amencer
co río Pai a veira trouqueleando
a cachón, en busca dos navíos.

Eu quero ir a Lugo
con Álvaro Cunqueiro
a traspór as portas insomnes
unha a unha
baixo os cataventos que espreitan a lúa
e saben dos boscos sacros doutros tempos
e dos humildes segredos das violedas.
Falar das nosas cousas:

Quero ir a Lugo

*Dixo Xosé Terra, meu irmán na saudade,
poeta e timoneiro de névoas:*

*“Depois de depois de amanhã
irei co meu amigo a Glasgow” ...*

*En Glasgow, digo eu, o vento seica é verde
e dorme pousado nun berce de gueivotas.
En Glasgow os homes son moi estranos
e seica viven fora da lei da gravidade.*

*Pero eu non quero ir a Glasgow,
depois nin nunca, amigo Xosé Terra,
pois hai moito que ver na miña terra.*

*Quero ir a Lugo,
a perderme nas rúas da iauga,
nas canellas do solpor,
nas prazas dos meniños loiros
cantando coas campanas
e coas postreiras luces das fenestras.*

*Percorrer a coutada
de outos muros de sonos
que cinguen o van antergo da cidade.*

*Ceo de doce lume de apóutega
sobre os tellados de aceiro
frolecidos de fentos no amencer
co río pai á veira trouqueleando
a cachón, en busca dos navíos.*

*Quero ir a Lugo
a traspór as portas insomnes
unha a unha
baixo os cataventos que espreitan a lúa
e saben dos bosques sacros de]
[outros tempos
e dos humildes segredos das violedas.*

Falar das nosas cousas:

Do país de ningures,
das illas que non hai,
do arbore das escumas,
dos viosbardos, da ave fénix
e dos peixes que falan.
E tamén, lentamente,
con voz do noso tempo
falar da dor dos homes que nos miran
dos latexos de chumbo nos ouvidos,
da mau atada a roda dos motores
decindo adéus ao fume
que rube dos tellados tristemente.
Agora está en Lugo con Álvaro]
[Cunqueiro
e teño máis lixeiras as azas dos sonos
pois nasceume nas maus unha rosa dos]
[ventos
(1961)

*Do país de ningures,
das illas que non hai
do arbore das escumas,
dos viosbardos, da ave fénix
e dos peixes que choran.*

*E tamén, lentamente,
con voz do noso tempo
falar da dor dos homes que nos miran,
dos latexos de chumbo nos ouvidos,
da mau atada á roda dos motores
decindo adiós ao fume
que rube dos tellados tristemente.
1962*

O poema non perde calidade cando, na segunda versión, se suprimen as referencias a Cunqueiro, referencias esixidas, na primeira versión, lida *in situ* (en Lugo), ante o propio Alvaro Cunqueiro.¹⁵

Poema XVI

O hórreo

Daquil perdido Edén solo me queda,
na néboa da memoria, un hórreo.

Un mundo -tan galano-
nas tépedas tardiñas do outono.

Alí, o fogar. Alí, a oficiña.

Alí, o teatro ios cómicos.

Alí, navegaciós e viaxes.

Alí, cantigas e contos.

Brincaba a ser un home, sin sabere
que era tan serio aquil meu xogo.

Todo pasou. A vida
foi polo tempo dando tombos.

De todo me esquecín. Soio me]
[lembro
daquil Edén na sombra daquil hórreo.
(1961)

O hórreo

*Daquil perdido Edén soio me queda,
na néboa da memoria, un hórreo.
Un mundo, ¡tan enorme!,
nas tépedas tardiñas do outono.*

*Alí o fogar, alí a oficiña,
alá o teatro i os cómicos.*

*Alí navegaciós e viaxes,
alí cantigas e contos.*

*Brincaba a ser un home sin sabere
que era moi triste aquil meu xogo*

*Todo pasóu. A vida
foi polo tempo dando tombos.*

*De todo me esquecín. Soio me lembro
daquil Edén, na sombra daquil hórreo.
(1962)*

15. Daquela, aínda amigos. A ruptura, como no caso de Del Riego, prodúcese cando o noso poeta xa está en Caracas.

Non é doado saber se a segunda versión -con dúas leves variantes- mellora o poema.

Poema XVII

Inverno

Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.

Dór das alleas feridas,
dór das maus atecidas.

Dór dos homes deserdados,
dór dos que están aldraxados.

Mágoa e loito
polo que vexo i-escoito.

No meu peito, sulagado,
soturno, fondo, calado,
un río de amor se move.

Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.
(1961)

Inverno

*Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.*

*Dór da mau encallecida,
dór da xente atecida
de frío polos camiños.
Dór dos vellos e meniños.
Dór dos homes deserdados
e dos que están aldraxados.*

*Mágoa da ferida allea.
Dór dos que están na cadea,
dos que sofren a inxustiza
e viven baixo a cobiza.*

*Mágoa e loito
por tanto pranto que escoito.
No meu peito, sulagado,
soturno, fondo, calado,
un río de amor se move.
Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.*

A segunda versión, *amplificatio* da primeira, mellora notablemente poema. Hai versos engadidos, como “Mágoa da ferida allea”, que son esenciais.

Consideracións finais.

Parte do éxito de *Longa noite de pedra* débese á súa condición de libro *contestatario*, pero parte moi importante deste éxito débese a que a *contestación* estaba formulada poeticamente. En efecto, o libro era, en gran parte, un libro de poesía civil, de poesía de protesta, ben entendido que en poesía o que conta e o que decide é o sustantivo (poesía), non o adxectivo (civil). Os grandes poemas de amor son grandes por seren poesía, non por teren esa temática, e o mesmo acontece coa poesía civil.

Longa noite de pedra chegou ós lectores galegos nun momento oportuno, no momento en que persoas non menos comprometidas có Celso Emilio tateaban unhas palabras que o poeta pronunciaba -e brindaba- con precisa dicción. Poucos libros tan incidentes na historia da nosa poesía e, asemade, na historia civil do país.

Libro de tal importancia, de tales características e de tal impacto debe ser estudiado con rigor, mesmo nesa fase en que aínda non se constituíra como tal: na súa prehistoria. Neste traballo aporto textos e datos para inciar esta tarefa. Creo que aínda están por exhumar algúns poemas, quizais bastantes. Cando estes textos se exhumen e se cotexen cos correspondentes de *Longa noite de pedra* estaremos en condicións de poder pronunciármolos sobre algúns aspectos importantes do noso poeta.

Á vista dos textos e dos datos aportados no presente traballo, cabe enunciar, ás veces con mil cautelas, o seguinte:

a) Cando Celso Emilio Ferreiro afirma, nos derradeiros anos da súa vida, que unha grande parte dos poemas de *Longa noite de pedra* foron escritos na Guerra Civil e nos primeiros anos da Posguerra ¿recorda con precisión?

Unha boa parte dos 24 poemas aquí ofrecidos -case a metade do volume- foron escritos antes, moi pouco antes, da data de publicación. Pensemos, por exemplo, nos poemas de homenaxe (a Carles Riba, Miró...), que son, sen dúbida, poemas feitos *ad hoc*. Nalgún caso é discutible, e ten razón Álvarez Cáccamo (p. 21) cando supón que o poema “Soldado” (adicado a Picasso en 1960) podía estar escrito antes.

Deixando á parte os poemas dos nadais, sen dúbida escritos nesas datas, hai textos no libro *Longa noite de pedra* dos que se pode afirmar que son moi posteriores a 1939, por exemplo “Anaco dunha carta a un poeta que vive en Madrid”. Trátase do poeta Gabriel Celaya, a poesía “social” do cal comezou a ser notoria antes da publicación de *Longa noite de pedra*.

b) Na década do Cincuenta, Celso Emilio publica, tamén, poemas en castelán, algúns dos cales atoparemos despois, en volume, en versión galega. En *Viaxe ao país dos ananos* (1969), figuran “O vento” e “Belén, ano cero”, que son, respectivamente, tradución (ás veces recreación) de “El viento” (*Alba*, nº 6, Vigo, 1951) e “Belén” (nadal de 1958). Á luz destes feitos (existen máis),

quizais conveña examina-la lingua de *Voz y voto* (1955). Sexan cales foren, no seu día, as conclusións, o certo é que Celso Emilio nestes anos (1950-1960) compórtase como un poeta bilingüe, se ben cada vez máis comprometido coa lingua galega. Este comportamento idiomático non difire do doutros colegas, e hai que situalo, para entendela, na problemática lingüística daquel tempo.

c) Quen cotexe as distintas versións de certos poemas aquí ofrecidos disporá de datos para saber cómo corríxe e con qué criterios reelabora Celso Emilio os textos. O lector debe ter en conta que, nalgúns casos, tal como se apuntou xa, as modificacións están dictadas pola prudencia política. Noutras obras de Celso Emilio encontramos reelaboracións, por estes motivos, significativas. Na súa biografía sobre Curros Enríquez, de 1954, lemos:

Marx -también desterrado en Londres- trabajaba por transformar la utopía socialista en siniestra lucha de clases¹⁶.

Cando en 1973 reescribe este libro, a pasaxe modifícase deste xeito:

Carlos Marx -también desterrado en Londres- trabajaba por transformar la utopía socialista en una interpretación dialéctica de la historia¹⁷.

Certamente, a Censura era menos severa en 1973, aínda que haberá estudosos de Celso Emilio que crean que o noso autor nestes dezanove anos modificou a súa opinión sobre o marxismo.

A controversia *radical* de Celso Emilio co sistema político franquista e, ó seu xeito, con certos modos da sociedade capitalista non é moi anterior a 1960: *Longa noite de pedra*, escrito en gran parte nestes anos, sería a súa expresión poética.

16. Curros Enríquez. *Biografía*, p. 43.

17. Curros Enríquez, p. 39